

XORNADA

Reservas da Biosfera: unha marea de oportunidades para os nosos produtos

15 de novembro de 2012
Castelo de Santa Cruz, Oleiros



XUNTA DE GALICIA
CONSELLEIRÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR



UNIÃO EUROPEA
Fondo Europeo da
Pesca

Europa inviste na pesca sustentable

www.accioncosteira.es



As Reservas da Biosfera: unha oportunidade para a promoción dos produtos mariños locais



Javier Ferreiro da Costa
IBADER
Campus de Lugo
Universidade de Santiago de Compostela


Castelo de Santa Cruz, 25/01/2012

O CONCEPTO DAS RESERVAS DE BIOSFERA

* Creación do programa M&B.

Tras a Conferencia sobre a Conservación e o Uso Racional dos Recursos da Biosfera, organizada pola UNESCO en París (1968), acordábase a posta en marcha do programa “O Home e a Biosfera” (Man & Biosphere MaB), que ocorrería de xeito efectivo no ano 1971.


O seu principal obxectivo de conciliar a mentalidade e o uso dos recursos naturais, plantexando una conservación desde una perspectiva ecolóxica, e esbozando o concepto actual de **desenvolvemento sostible**.



O CONCEPTO DAS RESERVAS DE BIOSFERA

En 1974, un grupo de traballo do programa MaB introduce o concepto de **Reserva de Biosfera**, consistente en “armonizar a conservación co hombre”. As Reservas da Biosfera son “**áreas de ecosistemas terrestres ou costeiros/mariños, ou unha combinación dos mesmos, recoñecidas como tales nun plano internacional no marco do Programa MAB da UNESCO**”.

O lanzamento da Rede Mundial de Reservas de Biosfera (RMRB) inciou en 1976, aprobando as primeiras Reservas da RMRB. Posteriormente, en 1983 realizábase o primeiro Congreso Mundial de Reservas de Biosfera en Minsk (Bielorrusia). Da mesma emanaba o primeiro **Plan de acción** da Rede Mundial de Reservas de Biosfera (RMRB), editado en 1984, no que se perfilaba a compoñente de “**desenvolvemento**”, e se recomendaban unha serie de **accións** para a RMRB.



Estratexia e Marco Estatutario da RMRB: Conferencia de Sevilla (1995)

A **Estratexia de Sevilla** marca **4 grandes obxectivos** a cumprir nos territorios designados como Reservas de Biosfera:

- Utilización das Reservas de Biosfera para a conservación da diversidade biolóxica natural e cultural.
- Utilizar as Reservas de Biosfera como modelos na ordenación do territorio e lugares de experimentación do desenvolvemento sostible.
- Utilizar as Reservas de Biosfera para a investigación, a observación permanente, a educación e a capacitación.
- Aplicar o concepto de Reserva de Biosfera.



Estratexia e Marco Estatutario da RMRB: Conferencia de Sevilla (1995)

O **Marco Estatutario** establece que as Reservas de Biosfera deben procurar ser lugares de excelencia para o ensaio e a demostración de métodos de conservación e desenvolvemento sostible a escala rexional mediante o logro de 3 funcións que deben desempeñar:



Estratexia e Plan de Acción da RRBE: Conferencia de Lanzarote (2006)

En outubro de 2006 celebrouse na Reserva de Biosfera de Lanzarote, o Primeiro Congreso da Rede de Reservas de Biosfera Españolas (RRBE). No mesmo aprobaríase a Estratexia da RRBE, así como o seu primeiro Plan de Acción (2007-2009). Este primeiro Plan deseñouse para dotar á RRBE dunha estrutura e soporte institucional.


Obxectivos da Estratexia da RRBE

1. Identidade e Visibilidade
2. Conservación da Biodiversidade
3. Conservación do Patrimonio Cultural
4. Conservación da Paisaxe
5. Promoción do Desenvolvemento Sostible
6. Investigación
7. Seguimento
8. Demostración
9. Formación e educación
10. Ordenación do territorio
11. Administración
12. Colaboración en rede


Actuacións do Plan de Acción de Lanzarote

1. Estruturación da RRBE
2. Comunicación e visualización
3. Análise, seguimento e avaliación
4. Conservación da biodiversidade
5. Elaboración dun Banco de Experiencias
6. Foros de Análise e Debate
7. Financiación e Apoios

Estratexia e Plan de Acción da RRBE: Conferencia de Lanzarote (2006)



RD 342/2007, polo que se regula o desenvolvemento das funcións do Programa MaB en España e o Comité Español do MaB, situando as tarefas de coordinación no Organismo Autónomo de Parques Nacionais (OAPN).



Lei 42/2007, do patrimonio natural e da biodiversidade.

- Considera ás Reservas de Biosfera como Áreas Protexidas por Instrumentos Internacionais
- Incorpóranse ao Inventario Español de Espazos Naturais Protexidos, Rede Natura 2000 e Áreas Protexidas por Instrumentos Internacionais, que á súa vez inclúese no Inventario Español do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.
- Incorpora os obxectivos da RRBE ao marco xurídico español.
- Incorpora as características das Reservas individuais: zonificación, **plan de acción**, órganos de xestión.


Reservas da Biosfera



Organización
de las Naciones Unidas
para la Educación,
la Ciencia y la Cultura



Programa
sobre el Hombre
y la Biosfera



A Rede Mundial de Reservas da Biosfera está configurada (CIC-M&B – setembro de 2012), por **610** reservas distribuídas em **117** países diferentes.

USA: **47**

Espanha: **42**

Rusia: **41**

Mexico: **41**

China: **31**

Canadá: **16**

Bulgaria: **16**

O marco de acción actual: Os Plans de Acción

Plan de Acción de Madrid para a RMRB (2008 – 2013)


Comprende un total de 4 liñas de acción:

- A.Cooperación, xestión e comunicación
- B.Zonificación
- C.Ciencia e desenvolvemento de capacidades
- D.Asociacións


Plan de Acción de Montseny para a RRBE (2009 – 2013)

Comprende un total de 4 liñas de acción:

- A.Xestión adaptativa
- B.Comunicación
- C.Ciencia e desenvolvemento de capacidades
- D.Cooperación e asociacións



31 obxectivos
65 accións



Propuesta de Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo




Parte I: Xustificación
Parte II: Descrición
Parte III: Plan de Acción



Junio 2012

O Plan de Acción da Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”





Propuesta de Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo



Junio 2012

Superficie terrestre: 113.969,7 ha (97,6%)
Superficie mariña: 2.754,6 ha (2,4%)

O Plan de Acción da Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”



Superficie terrestre: 113.969,7 ha (97,6%)

Superficie mariña: 2.754,6 ha (2,4%)

Establécense un total de 9 obxectivos no Plan de Acción, coherentes cos plantexados no Plan de Acción de Madrid 2008-2013 da RMRB e no Plan de Acción de Montseny 2009-2013 da RRBE, e que serán alcanzados mediante a execución e posta en marcha das accións plantexadas

1. Posta en funcionamento da Reserva e consecución dos obxectivos da Estratexia de Sevilla.
2. Conservación, restauración e mellora do patrimonio natural e da biodiversidade, incluíndo medidas de adaptación e mitigación do cambio climático.
3. Xenerar información integral sobre os valores da Reserva impulsando unha visión positiva da mesma.
4. Promoción do desenvolvemento rural sostible e mellora da calidade de vida das poboacións locais.
5. Promoción dos aproveitamentos sostibles dos recursos naturais.
6. Fomento do emprego local e das economías de calidade.
7. Aumento do coñecemento sobre o patrimonio natural da Reserva mediante a educación ambiental e a participación das comunidades locais.
8. Promoción do intercambio e do establecemento de compromisos de cooperación.
9. Fomento da conservación e mellora do patrimonio material e inmaterial da Reserva.

O Plan de Acción da Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”

A denominación e estruturación das liñas de acción está realizada a partires dos correspondentes Plans de Acción de Madrid e Montseny, dos obxectivos do propio Plan de Acción, así como das debilidades e fortalezas socioeconómicas propias da proposta de Reserva de Biosfera.

Liñas de Acción

Denominación

- A. PLAN DE CHOQUE E XESTIÓN ADAPTATIVA
- B. CUMPRIMENTO DAS FUNCIONS DE CONSERVACIÓN
- C. COMUNICACIÓN
- D. SOSTIBILIDADE DO MEDIO RURAL COA BIODIVERSIDADE
- E. SOSTIBILIDADE DE PESCA E MARISQUEO COA BIODIVERSIDADE
- F. PRODUCCIONS E TURISMO DE CALIDADE
- G. CIENCIA E DESENVOLVEMENTO DE CAPACIDADES
- H. COOPERACIÓN E ASOCIACIÓNS
- I. PROMOCIÓN DOS RECURSOS ETNOGRAFICOS E PATRIMONIAIS

O Plan de Acción da Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”

A denominación e estruturación das liñas de acción está realizada a partires dos correspondentes Plans de Acción de Madrid e Montseny, dos obxectivos do propio Plan de Acción, así como das debilidades e fortalezas socioeconómicas propias da proposta de Reserva de Biosfera.

Liñas de Acción

Denominación

- A. PLAN DE CHOQUE E XESTIÓN ADAPTATIVA
- B. CUMPRIMENTO DAS FUNCIONS DE CONSERVACIÓN
- C. COMUNICACIÓN
- D. SOSTIBILIDADE DO MEDIO RURAL COA BIODIVERSIDADE
- E. SOSTIBILIDADE DE PESCA E MARISQUEO COA BIODIVERSIDADE**
- F. PRODUCCIONS E TURISMO DE CALIDADE
- G. CIENCIA E DESENVOLVEMENTO DE CAPACIDADES
- H. COOPERACIÓN E ASOCIACIÓNS
- I. PROMOCIÓN DOS RECURSOS ETNOGRAFICOS E PATRIMONIAIS

E

SOSTIBILIDADE DA PESCA E MARISQUEO COA BIODIVERSIDADE

E1

Fomento da pesca e marisqueo sostibles

OBXECTIVOS

4. Promoción do desenvolvemento sostible e mellora da calidade de vida das poboacións locais.
5. Promoción dos aproveitamentos sostibles dos recursos naturais.

ACCIÓNS RELACIONADAS

- | | |
|----|---|
| F1 | Fomento de produtos de calidade |
| G2 | Emprego da Reserva como fonte de aprendizaxe |
| H1 | Impulsar asociacións e compromisos de cooperación |

A actividade pesqueira e marisqueira da Reserva de Biosfera proposta posúe unha notable relevancia dende un punto de vista **económico**, **laboral** e mesmo **histórico**, relacionada sempre coa presenza humana nos territorios litorais. Destaca o carácter predominantemente **artesanal** da actividade pesqueira e marisqueira no territorio da Reserva de Biosfera proposta.

En consecuencia, a presente acción recolle as actuacións de revalorización e impulso da actividade pesqueira e marisqueira **local** e de **calidade**, permitindo o mantemento da flota artesanal e a continuación das capturas dentro dos parámetros de selectividade, variedade e sostibilidade que ata agora se mantiveron.

1. Incentivación da adhesión dos produtores aos distintivos e certificacións de **calidade** existentes, así como á posta en marcha dunha propia na Reserva de Biosfera. Estas medidas permitirían o incremento do valor engadido e a rendibilidade, así como unha diversificación da actividade por medio de melloras de calidade, de capacitación, comercialización e tecnolóxicas.
2. Fomento da posta en marcha dun **programa de medidas ambientais** na actividade pesqueira e marisqueira. Este programa incluíría capacitación e formación dos profesionais orientada á xestión sostible da actividade, o cumprimento da normativa ambiental, o establecemento de criterios e procedementos axeitados á dinámica dos procesos naturais, o fomento da conservación do recurso como garantía de sostibilidade, a importancia do estado de conservación dos hábitats mariños, aplicación de novas tecnoloxías, animar a colaboración entre os axentes do sector, seguridade marítima, etc.
3. Fomento do apoio ao sector pesqueiro e marisqueiro, no exercicio da actividade sostible, e ás vías de **comercialización local**, facendo un especial fincapé sobre a consolidación da actividade das **lonxas** que na actualidade veñen realizando esta función. Deste modo, **fortaleceríanse** as **redes de distribución** dos produtos pesqueiros e marisqueiros dende a súa captura, reforzando a súa cadea de comercio e mellorando a súa introdución no mercado.

F

PRODUCCIÓN E TURISMO DE CALIDADE

F1

Fomento de produtos de calidade

OBJETIVOS

- 4. Promoción do desenvolvemento sostible e mellora da calidade de vida das poboacións locais.
- 6. Fomento do emprego local e das economías de calidade.

ACCIONES RELACIONADAS

- D2 Fomento de prácticas agrogandeiras sostibles
- E1 Fomento da pesca e marisqueo sostibles
- F2 Promoción da artesanía local
- F3 Sostibilidade do turismo e o uso público
- G2 Emprego da Reserva como fonte de aprendizaxe
- H1 Impulsar asociacións e compromisos de cooperación

1. Incorporación da Reserva proposta ao Clube de Produto Turístico Reservas de Biosfera Españolas (RBE).
2. Promoción da produción e comercialización de produtos e servizos locais acollidos a distincións de calidade e excelencia.
3. Apoio á consolidación e proxección exterior da súa actividade para os produtores e prestadores de servizos xa acollidos a algunha (ou varias) figuras de certificacións de calidade.

1. Incorporación da Reserva proposta ao **Clube de Produto Turístico Reservas de Biosfera Españolas (RBE)**, entendendo que a súa implantación servirá para organizar unha nova oferta turística rendible e de calidade no ámbito deste espazo, capaz de satisfacer as necesidades da demanda ao mesmo tempo que contribuír ao desenvolvemento sostible das producións locais.
2. Promoción da produción e comercialización de produtos e servizos locais acollidos a distincións de calidade e excelencia. A medida basearase, fundamentalmente, en actividades de **formación** específica e información a cada sector, **apoio loxístico** e **axuda á tramitación** e proceso de implantación dos recoñecementos e certificacións susceptibles de ser integradas baixo denominacións e indicacións xeográficas protexidas, especialidades tradicionais garantidas, produción agrícola e gandeira ecolóxicas, produción forestal sostible, eco-etiquetas e marcas de garantía reguladas, así como certificacións específicas de calidade e medio (Q de Calidade Turística, ISO 9001, ISO 14001, EMAS).
3. Ademais, deberase prever, para os produtores e prestadores de servizos xa acollidos a algunha (ou varias) destas figuras, un programa de **apoio á consolidación e proxección exterior** da súa actividade, mellorando a súa publicidade e imaxe, as canles de comercialización, o seu nivel de asociacionismo e organización.

G

CIENCIA E DESENVOLVEMENTO DE CAPACIDADES

G2

Emprego da Reserva como fonte de aprendizaxe

OBXECTIVOS

- 4. Promoción do desenvolvemento rural sostible e mellora da calidade de vida das poboacións locais.
- 7. Aumento do coñecemento sobre o patrimonio natural da Reserva mediante a educación ambiental e a participación das comunidades locais.

ACCIÓNS RELACIONADAS

- D1 Mellora da calidade de vida das poboacións
- D2 Fomento de prácticas agrogandeiras sostibles
- D3 Fomento de prácticas forestais sostibles
- D4 Sostibilidade da actividade cinexética e piscícola
- E1 Fomento da pesca e marisqueo sostibles
- F1 Fomento de produtos de calidade
- F2 Promoción da artesanía local
- F3 Sostibilidade do turismo e o uso público
- H2 Intercambios con outras Reservas de Biosfera

1. Programa de formación en prácticas produtivas sostibles
2. Programa de formación en actividades deportivas e recreativas sostibles
3. Programa de Educación Ambiental no sector educativo.
4. Programa de formación para cargos electos e técnicos locais

G

CIENCIA E DESENVOLVEMENTO DE CAPACIDADES

G2

Emprego da Reserva como fonte de aprendizaxe

OBXECTIVOS

- 4. Promoción do desenvolvemento rural sostible e mellora da calidade de vida das poboacións locais.
- 7. Aumento do coñecemento sobre o patrimonio natural da Reserva mediante a educación ambiental e a participación das comunidades locais.

ACCIÓNS RELACIONADAS

- D1 Mellora da calidade de vida das poboacións
- D2 Fomento de prácticas agrogandeiras sostibles
- D3 Fomento de prácticas forestais sostibles
- D4 Sostibilidade da actividade cinexética e piscícola
- E1 Fomento da pesca e marisqueo sostibles
- F1 Fomento de produtos de calidade
- F2 Promoción da artesanía local
- F3 Sostibilidade do turismo e o uso público
- H2 Intercambios con outras Reservas de Biosfera

1. **Programa de formación en prácticas produtivas sostibles**
2. Programa de formación en actividades deportivas e recreativas sostibles
3. Programa de Educación Ambiental no sector educativo
4. Programa de formación para cargos electos e técnicos locais

1. Programa de formación en prácticas produtivas sostibles

O conxunto de actividades económicas representadas no marco da Reserva repercute de xeito concreto e directo nos recursos naturais do territorio, motivo polo cal os profesionais destes sectores necesitan dun **tratamento formativo** diferenciado que lles capacite para introducir **melloras e patróns sostibles** nos procesos produtivos.



O sector **pesqueiro e marisqueiro** tradicional, o **acuícola**, ou o **alimentario**, constitúen sectores clave na dinamización socioeconómica da Reserva de Biosfera "Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo", cara aos que dirixir a oferta formativa deste programa.



1. Programa de formación en prácticas produtivas sostibles

Entre as áreas temáticas deste programa poderían abordarse aspectos como: minimización, xestión e reciclaxe de residuos, repercusión ambiental das diferentes artes de pesca, saúde laboral, implantación das mellores técnicas dispoñibles, ecoauditorías, ecoinnovación, etc. O programa poderá contemplar a inclusión de materiais e actividades específicos como:

- Manuais prácticos e/ou guías de boas prácticas
- Cursos de formación
- Xornadas, encontros e seminarios especializados por temáticas ou por grupos de profesionais.
- Premios anuais (á mellor iniciativa empresarial sostible, á mellor xestión dun determinado recurso, etc.).



H

COOPERACIÓN E ASOCIACIÓNS

H1

Impulsar asociacións e compromisos de cooperación

OBXECTIVOS

2. Conservación, restauración e mellora do patrimonio natural e da biodiversidade, incluíndo medidas de adaptación e mitigación do cambio climático.
4. Promoción do desenvolvemento rural sostible e mellora da calidade de vida das poboacións locais.
8. Promoción do intercambio e do establecemento de compromisos de cooperación.

ACCIÓNS RELACIONADAS

- | | |
|----|--|
| B1 | Mantemento e/ou restauración dos hábitats |
| B2 | Mantemento e/ou recuperación das especies |
| D2 | Fomento de prácticas agrogandeiras sostibles |
| D3 | Fomento de prácticas forestais sostibles |
| D4 | Sostibilidade da actividade cinexética e piscícola |
| E1 | Fomento da pesca e marisqueo sostibles |
| F1 | Fomento de produtos de calidade |

1. Desenvolvemento de proxectos de colaboración entre a Reserva e as distintas organizacións implicadas no territorio.
2. Fomento das accións de asociacionismo e cooperativismo.
3. Fomento da Responsabilidade Social Corporativa.
4. Fomento do emprendemento sostible.

Financiación das accións nas Reservas de Biosfera

Na actualidade varias accións da Rede de Reservas de Biosfera Españolas oríéntanse á **promoción do desenvolvemento sostible** do territorio, mediante a implementación de diferentes actuacións.

Unha delas é o impulso dunha liña de **apoios financeiros** a proxectos de desenvolvemento sostible en Reservas de Biosfera, en aplicación da **Lei 45/2007**, para o desenvolvemento sostible do medio rural. En aplicación desta, aprobábase o primeiro Programa de Desenvolvemento Sostible mediante o **Real Decreto 752/2010**.

Eixo 1. Actividade económica e emprego.

Eixo 2. Infraestruturas e equipamentos básicos

Eixo 3. Servizos e benestar social

Eixo 4. Medio ambiente

Eixo 5. Actuacións non territoriais

O Programa de Desenvolvemento Sostible contempla de xeito manifesto a financiación de medidas a priorizar en territorios incluídos en **Reservas de Biosfera** e na **Rede Natura 2000**.

Financiación das accións nas Reservas de Biosfera

Ao abeiro da disposición adicional cuarta do **RD 752/2010**, dentro das dispoñibilidades orzamentarias contribuírase ao desenvolvemento rural sostible na Rede de Reservas da Biosfera a través de **convenios de colaboración** entre o Ministerio e os entes xestores das mesmas. A proposta do Comité MaB Español, determinaranse as directrices e prioridades oportunas, potenciando o papel das Reservas de Biosfera como laboratorio de relacións sostibles entre o home e biosfera, y facilitando a aplicación dos **Plans de Acción**.

Entre as accións susceptibles de ser incluídas nos convenios, atópanse as seguintes:

- **Instalacións e equipamentos** para a actividade do **órgano de xestión**.
- **Sinalización** segundo o Manual de Sinalética da RRBE.
- Outras actuacións “**de choque**” en Reservas de recente creación.
- **Formación e sensibilización** da poboación residente.
- Actuacións que contribúan a **resolver conflitos** que ameazan á sostibilidade.
- Accións de **comunicación e difusión**.
- Inversións reais de **promoción** de bens e servizos de **calidade diferenciada**.
- Inversións reais para a **consolidación** do “**Clube de Produto Turístico**”.
- Actuacións de **adaptación/mitigación ao cambio climático** e aos seus efectos.
- Desenvolvemento e implantación de **experiencias** para probar políticas e técnicas.

Financiación das accións nas Reservas de Biosfera

Convenios de colaboración entre o Ministerio e os entes xestores das Reservas.

Financiación Ano 2009: 19,0 M €

Financiación Ano 2010: 18,5 M €

Convenios con Reservas galegas (2011-2013)

Río Eo, Oscos e Terras de Burón: 1.720.000 €

- Mellora da conectividade fluvial
- Mellora de hábitats forestais
- Recuperación dos hábitats de marisma
- Eliminación de especies invasoras
- Mitigación de problemas por uso público
- Elaboración de información didáctica
- Elaboración dunha páxina web

Gerês-Xurés: 2.000.000 €

- Intercambios con outras Reservas
- Restauración de zonas degradadas
- Conservación de hábitats e especies
- Equipamentos de novas tecnoloxías
- Infraestruturas para o fomento do desenvolvemento sostible
- Mellora da accesibilidade
- Integración da poboación na Reserva



O Clube de Produto Turístico Reservas de Biosfera Españolas

O Clube de produto é unha iniciativa que pretende establecer un método para crear un **produto turístico diferenciado** pola súa situación na Rede de Reservas de Biosfera Españolas, así como implantalo con rapidez e organizadamente.

Fundamentalmente, o Clube representa unha **alianza estratéxica** entre unha serie de prestadores de servizos e institucións (**cooperación público-privada**) das Reservas, para desenvolver coas máximas garantías un **esfuerzo conxunto** que se traduza nun produto turístico viable. Esta alianza debe manterse no tempo e en todos os eslabóns da cadea de valor do produto, dende que se planifica ata que se fai promoción e vende.



O Clube de Produto Turístico Reservas de Biosfera Españolas

O Clube de Produto Turístico Reservas de Biosfera Españolas traballa cunha marca ou selo territorial que está **recoñecido a nivel internacional**, pero que se **implanta a nivel local**. A pertenza ao club é un compromiso libremente aceptado entre todos os integrantes do mesmo, baseado na confianza mutua, aceptado **libre e voluntariamente**. Os obxectivos que pretende alcanzar o Clube de Produto Turístico RBE relacionados co desenvolvemento sostible e o turismo dentro das Reservas son, entre outros, os seguintes:

- **Mellorar a imaxe** das Reservas de Biosfera.
- Propiciar un **mellor aproveitamento** do sector turístico.
- Incrementar as **repercusións socioeconómicas** do turismo na Reserva.
- **Mellorar a calidade de vida** da poboación local.
- Contribuir a **manter as actividades tradicionais** sostibles.
- Contribuir ao **artellamento de estratexias** de desenvolvemento rural.
- Mellorar a **competitividade** e **produtividade** dos empresarios.
- **Captar unha demanda** turística específica afín ao Clube.

O Clube de Produto Turístico Reservas de Biosfera Españolas

O proceso de implantación ou itinerario de actuacións que hai que seguir para poder construír o produto turístico RBE sobre cada territorio, inclúe 3 fases

I: Adhesión da Reserva ao Club, onde fundamentalmente se require a implicación dos xestores e institucións presentes no ámbito da Reserva.

1. Acordo de participación
2. Avaliación do patrimonio relevante
3. Avaliación do uso público
4. Valoración da oferta turística
5. Valoración da demanda turística

II: Adhesión de empresarios e produtores ao Club, onde se require unha intensa participación destes outros axentes locais

6. Selección previa de compoñentes do produto
7. Implantación do Clube

III: Accións de soporte, materialízase na participación e esforzo conxunto de todos os actores anteriores.

8. Establecemento de modalidades
9. Estrutura de xestión do destino
10. Plan de promoción
11. Plan de comercialización
12. Seguimento e avaliación

Clube de Produto Turístico “Reservas de Biosfera de Asturias”

- Froito da colaboración entre o Instituto de Turismo de España (TURESPAÑA), o Principado de Asturias e o Concello de Somiedo (representante das entidades locais das Reservas).
- Inclúense establecementos das 5 Reservas Asturianas en 2008: Somiedo, Picos de Europa, Río Eo-Oscos, Fuentes del Narcea y Redes.



Reservas	Nº establecimientos/empresas/servicios											
	Hotel	Pensión /Hostal	Apto	CA	Alberg	Camp	Viviendas Vacacionales	Núcleo Vacac	TA	Museos C.I.	Agro	TOTAL
Oscos-Eo	22	7	44	48	2	3	4		1	13		144
Fuentes del Narcea	15	12	32	32	1		1		2	7	4	106
Somiedo	11	7	36	18		2	1	2	2	5		84
Redes	12	3	28	13	2		1		1	4	1	65
Picos	86	39	75	169	6	3	30		19	10	3	440
Total	146	68	215	280	11	8	37	2	25	39	8	839



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE INDUSTRIA, TURISMO
Y COMERCIO



INSTITUTO
DE TURISMO
DE ESPAÑA



GOBIERNO DEL
PRINCIPADO DE ASTURIAS

Clube de Produto Turístico “Reservas de Biosfera de Asturias”



ACTUACIÓN	IMPORTE
1ª Anualidad	
PLANIFICACIÓN Y ORGANIZACIÓN DE LOS RECURSOS Y OFERTA TEMÁTICA	
•Contratación de la asistencia técnica para la coordinación y aplicación del CPRB	35.000,00€
•Implantación del Manual de Producto: seminarios de formación, evaluación y certificación	100.000,00€
DISEÑO Y EJECUCIÓN DE LA ESTRATEGIA DE PROMOCIÓN Y COMERCIALIZACIÓN	135.315,00€
Total	270.315,00€
2ª Anualidad	
SISTEMAS DE CERTIFICACIÓN Y CALIDAD PARA ESTABLECIMIENTOS, SERVICIOS, EQUIPAMIENTOS Y RECURSOS TURÍSTICOS	20.000,00€
FORMACIÓN Y SENSIBILIZACIÓN	20.000,00€
PLAN DE MARKETING Y COMERCIALIZACIÓN	187.800,00€
Total	227.800,00€
3ª Anualidad	
SISTEMAS DE CERTIFICACIÓN Y CALIDAD PARA ESTABLECIMIENTOS, SERVICIOS, EQUIPAMIENTOS Y RECURSOS TURÍSTICOS	20.000,00€
PLAN DE MARKETING Y COMERCIALIZACIÓN	195.800,00€
DEFINICIÓN DE LA ESTRUCTURA DE GESTIÓN Y COMERCIALIZACIÓN DEL CLUB DE PRODUCTO	12.000,00€
Total	227.800,00€
Total 2008-2010	725.000,00€



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE INDUSTRIA, TURISMO
Y COMERCIO



INSTITUTO
DE TURISMO
DE ESPAÑA



GOBIERNO DEL
PRINCIPADO DE ASTURIAS



Actuacións de posta en marcha

- Reunións de presentación do Clube de Produto Turístico
- Elaboración dun folleto de presentación do Clube
- Desenvolvemento dun portal Web como canle de promoción do Clube
- Adaptación do Manual de Produto Turístico para implantalo en Asturias
- Contratación da asistencia técnica para a implantación do Clube

Marca “La Rioja, Reserva de la Biosfera”

A marca “La Rioja, Reserva da Biosfera” é un distintivo que avala como socialmente responsables aos produtos e servizos que se desenvolven dentro da Reserva. Coa cesión do uso da marca, o Goberno de La Rioja declara que o inscrito respecta e fomenta os valores de sostibilidade en cada unha das súas actuacións, tanto no ámbito social, coma no económico ou o ambiental. A marca, en definitiva, identifica **empresas transparentes, responsables co medio**, cos consumidores e tamén cos seus traballadores.

Obxectivos :

- Fomentar as actividades económicas da Reserva.
- Contribuír ao desenvolvemento rural da Reserva.
- Axudar a xerar unha nova cultura empresarial de responsabilidade.
- Contribuír á creación dunha cadea de valor entre os consumidores e as empresas.

O **control** do sistema realízase a través de auditorías realizadas por un organismo independente e imparcial. Os datos achegados polas empresas farán referencia ao seu desempeño ambiental, económico e social.



Marca “La Palma, Reserva de la Biosfera”

Esta marca xorde co fin de **ascender** e **difundir**, tanto na Illa coma no exterior, por circuítos tradicionais ou mediante o emprego das novas tecnoloxías, **os recursos locais, produtos, bens e servizos**, especialmente os agroalimentarios, artesanais e os de promoción turística con fins culturais e recreativos, que potencien as actividades económicas tradicionais e a nova economía social no marco da sostibilidade insular.

Contouse coa **colaboración das empresas** da Illa, para o cal se foron concertando reunións participativas por sectores en diferentes municipios de a Illa, dando a oportunidade de participar a todo aquel que puidese optar a usar esta Marca e tivese interese. Moitas das suxestións realizadas nestas sesións participativas quedaron plasmadas nas diferentes normas, o que as achegou máis aos sectores afectados involucrándoos na propia marcha desta.

Aínda que inicialmente se partiu dunha preselección de 10 produtos agroalimentarios, finalmente foise ampliando ata un total de 35 produtos, sobre todo como froito da participación dos profesionais do sector.



Certificacións de calidade

Cada vez son máis os turistas que demandan unha maior calidade nos produtos ofertados e nos servizos desfrutados

Conscientes desta situación, tanto administracións como empresas vinculadas ao turismo adoptaron distintos acordos, así como criterios para avaliar a calidade dos produtos e servizos ofertados aos turistas.



Certificacións de calidade

Carta Europea de Turismo Sostible nos Espazos Naturais

A Carta Europea de Turismo Sostible en Espazos Naturais (CETS) é unha iniciativa da Federación EUROPARC que ten como obxectivo global promover o desenvolvemento do turismo en clave de sostibilidade nos espazos naturais de Europa.

A CETS é un método e un compromiso **voluntario** para aplicar os principios do turismo sostible, orientando aos xestores dos espazos naturais protexidos e ás empresas para definir as súas estratexias de forma participada.



Certificacións de calidade

Carta Europea de Turismo Sostible nos Espazos Naturais


A Carta Europea de Turismo Sostible constitúe “**un pacto**” entre a administración responsable do espazo e as empresas turísticas e de servizos

Responsables do Espazo Protexido

Deben realizar un diagnóstico das necesidades do territorio (problemas e oportunidades) elaborado e aprobado polas autoridades competentes. A análise deberá ademais servir para definir a orientación turística máis apropiada para o espazo.

Empresas turísticas e de servizos

Terán que avaliar a adecuación dos seus servizos e ofertas ao diagnóstico e ás orientacións que se deriven do mesmo. En consecuencia deberán adecuar e compatibilizar a súa oferta cos obxectivos e capacidades do espazo, baixo a premisa de que o uso turístico non debe alterar ou destruír os valores ambientais.



Certificacións de calidade

Q – Calidade Turística

A “Q” de Calidade Turística é a **Marca** que representa a calidade no sector turístico en distintos países do mundo.

En España, a “Q” aporta aos establecementos turísticos que a posúen: PRESTIXIO, DIFERENCIACIÓN, FIABILIDADE, RIGOROSIDADE E PROMOCIÓN por parte da Secretaría de Estado de Turismo e as CCAA.

O Instituto para la Calidade Turística Española (ICTE) é un Organismo español, privado, independente, sin ánimo de lucro e recoñecido en todo o ámbito nacional. É o encargado de certificar, administrar e velar polo correcto uso da Marca “Q”.




Certificacións de calidade

Q – Calidade Turística

Os establecementos avalados pola "Q de Calidade" pasaron unha auditoría que asegura que a súa prestación de servizo é garantía de calidade, seguridade y profesionalidade. Todo ello para asegurar aos clientes a mellor experiencia turística.

A "Q" de Calidade Turística outórgase a un establecemento ou a un conxunto de establecementos tras un proceso de "avaliación" e "certificación", que debe ser renovado cada certo tempo, e está sometido a avaliacións periódicas.

Os aspectos ambientais quédanse reducidos á avaliación de criterios sobre a xestión, os servizos, e o medio físico, aínda que exclúe aos aspectos constructivos previos á explotación.



Certificaciones de calidad

Q – Calidad Turística

Jueves 15 de noviembre de 2012
última actualización: 10:10

La Región

Portada Ourense Provincia Galicia Opinión España Mundo Economía Deportes + Sección

¿Dónde estoy? > **Baixa Limia** **Última hora: erida una mujer**


El parque do Xurés obtiene una certificación nacional que avala la calidad de sus servicios

- 22-07-2007

g+1 Compartir en: f t g

LR.- El Instituto de Calidad Turística Española ha otorgado la 'Q de Calidad Turística' al parque natural Baixa Limia-Serra do Xurés. El reconocimiento a dos años de trabajo que en la actualidad ostentan 16 de los más de 100 parques españoles.

Una auditoria realizada por los técnicos del Instituto de Calidad Turística Española el pasado mes de mayo permitía la obtención de la 'Q de Calidad Turística' al parque natural Baixa Limia-Serra do Xurés. 'Es el reconocimiento a dos años de duro trabajo, donde todo el personal del parque ha participado en un riguroso sistema de gestión', reconocía Nuria Veloso, responsable de calidad del parque. Con la certificación de la 'Q de Calidad', el Xurés se convierte en el primer parque natural gallego en obtener el galardón e ingresa el selecto grupo de parques españoles que ostentan esta distinción. No obstante, de



Noticias

Compromiso empresarial Contacta esta franquicia

McDonald's, primera cadena de restauración que obtiene el sello Q de Calidad

Share 0 enviar imprimir comentar

Miércoles, 03 de noviembre de 2010

La enseña de hamburgueserías sube un nuevo peldaño en su compromiso con la calidad con la obtención de la certificación Q en todos sus restaurantes. Se trata de la primera cadena de restauración que obtiene este reconocimiento, que otorga el Instituto para la Calidad Turística Española (ICTE).

La Q de Calidad "reconoce el compromiso de la compañía con la calidad total y el esfuerzo constante que realizamos día a día en nuestros restaurantes por ofrecer a nuestros clientes no sólo productos seguros y de calidad sino un servicio excelente más allá de sus expectativas", ha explicado **Patricia Abril, presidenta y directora general de McDonald's España**, primera cadena de restauración que obtiene este certificado.

No obstante, la enseña de hamburguesas no ha sido la primera marca de restauración en franquicia en lograr dicho sello pues, desde el pasado año, El Barril del Tapeo cuenta con la Q en cuatro restaurantes de la cadena. En la actualidad hay más de **2.000 establecimientos** que poseen esta certificación que representa la calidad en el sector turístico español. "La Q se concibió como un distintivo para atraer y dar un valor añadido al turismo en España", ha explicado **Carlos Martín, director comercial de Bureau Veritas**, entidad certificadora que se ha encargado de realizar la auditoría en una representación de los más de 410 restaurantes que la cadena tiene en España, además de en los centros de distribución del proveedor logístico.




Certificacións de calidade

EMAS

O **EMAS** (**Eco-Management and Audit Scheme**, ou Regulamento Comunitario de Ecoxestión e Ecoauditoría) é unha normativa **voluntaria** da Unión Europea que recoñece a aquelas organizacións que implantaron un SXMA (Sistema de Xestión Ambiental) e adquiriron un compromiso de mellora continua, verificado mediante auditorías independentes.

As organizacións recoñecidas co EMAS teñen unha política ambiental definida, fan uso dun sistema de xestión ambiental e dan conta periodicamente do funcionamento do devandito sistema a través dunha **declaración ambiental** verificada por organismos independentes. Estas entidades son recoñecidas co logotipo EMAS, que garante a fiabilidade da información dada pola devandita empresa.



Certificaciones de calidad


EMAS

Ademais de incluír e esixir o cumprimento de todos e cada un dos requisitos da norma ISO 14001, EMAS contén outros requisitos adicionais.



Etapas de implantación de EMAS:

1. **Revisión** inicial
2. Implantación do **Sistema de Xestión Ambiental (SXMA)**
3. Realización da **Declaración Ambiental**
4. **Verificación Ambiental** e validación da Declaración
5. **Rexistro** en EMAS



Certificacións de calidade

Bandeira Azul

A Bandeira Azul é un distintivo que outorga anualmente a Fundación Europea de Educación Ambiental ás praias e portos que cumpren unha serie de condicións ambientais e instalacións.

A condición de Bandeira Azul é concedida ás praias en máis de 30 países de Europa, Sudáfrica, Nova Zelandia, Canadá e o Caribe.

O cumprimento dos criterios Bandeira Azul esixe o cumprimento de normas de calidade da auga, a seguridade, a prestación de servizos xerais e de ordenación do medio. Estes últimos fóronse adaptando co tempo ás necesidades de conservación das praias.



Bandeira Azul

Principais Criterios Esixidos

A praia debe cumprir con toda a normativa, (lexislación ambiental e planificación ou ordenación da zona litoral) aplicable ao seu espazo físico e ás actividades desenvolvidas nela.

Debe estar exposta ao público información sobre os ecosistemas litorais, espazos naturais sensibles e especies protexidas nesa zona costeira.

As algas e outro tipo de vexetación na praia non deberían recollerse na medida en que a súa acumulación e podremia non resulten claramente molestas e insalubres

Cumprimento dos requisitos e estándares dunha calidade excelente das augas de baño.

Ausencia de verteduras industriais, de augas residuais e doutro tipo de substancias contaminantes ou lixos, que poden afectar ou a praia ou ao seu ámbito

Debe estar exposta información actualizada sobre a calidade das augas de baño.



Bandeira Azul

Principais Criterios Esixidos

Deben existir na praia ou o seu ámbito colectores ou infraestruturas para a recollida selectiva de residuos. Existencia de sanitarios axeitados e limpos

Na praia non se permite o cámping nin a circulación ou estacionamento de vehículos non autorizados ou as verteduras de lixos.

Prohibición-control de animais domésticos na praia, acorde coa normativa de cada país.

Sinalización-control de zonas específicas para actividades incompatibles co baño (surf, embarcacións, etc)

Accesos doados e seguros. (Imperativo). Unha das praias con Bandeira Azul do municipio, como mínimo, debe posuír ramplas de acceso á praia e sanitarios para persoas con minusvalías.

O Concello debe demostrar que se ofrecen ao público, como mínimo, cinco actividades de información e educación ambiental.






Creación de Reservas Mariñas

O obxectivo principal é a sostibilidade das pesquerías artesanais, buscando frear a tendencia de **destrución do emprego** no sector pesqueiro.

As características do medio e das especies de interese pesqueiro resultaron nun sector de carácter eminentemente **artesanal** de carácter **local**.

Os resultados destas tres reservas mariñas, creadas en 1995, 1996 e 2001, apuntan a unha **rápida rexeneración** de especies litorais, tanto moluscos obxecto de marisqueo como peixes obxecto de pesca artesanal.



Conclusións

A inclusión dun territorio nunha Reserva de Biosfera constitúe unha importante oportunidade para o fortalecemento e a promoción da sostibilidade nas producións locais de pequena escala, artesanais, baixo sistemas de produción tradicionais, entre as que destacan os produtos marisqueiros e pesqueiros.

A declaración da Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” inclúe unha das escasas representacións de ecosistemas mariños atlánticos na Rede de Reservas de Biosfera Españolas. En consecuencia, bríndase para este territorio unha inmejorable oportunidade para o desenvolvemento de accións demostrativas da produción, comercialización e sostibilidade dos produtos mariños tradicionais e de calidade.



XORNADA

Reservas da Biosfera: unha marea de oportunidades para os nosos produtos

15 de novembro de 2012
Castelo de Santa Cruz, Oleiros



Moitas grazas pola súa atención



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR



UNIÓN EUROPEA
Fondo Europeo da
Pesca

Europa inviste na pesca sustentable

www.accioncosteira.es